



ADMISIÓN DE ALUMNADO

A normativa que regula a admisión do alumnado é :

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG nº 245, do 26 de decembro).
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado e a Orde do 25 de xaneiro de 2017 que a modifica (DOG nº 22, do 1 de febreiro).

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais que faciliten neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e OU como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a sxt.cultura.educacion@xunta.gal.

Documentación a presentar:

- Impreso de solicitude cuberto. Só se pode presentar unha única solicitude no centro no que se solicite a praza. A presentación de máis dunha solicitude conleva a pérdida de prioridade.
- Fotocopia dos DNI do/a alumno/a e dos pais.
- Fotocopia do Libro de Familia onde figuren os pais e o/a alumno/a.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a alumno/a.
- Dúas fotos.
- Elección de área alternativa.
- Impreso de autorización de imaxe cuberto.
- Cuestionario lingua materna cuberto

Servizos complementarios que ofrece o Centro :

- Comedor
- Transporte escolar

Trámites a realizar en xuño:

Os pais/nais ou titores/as de alumnos/as deberán realizar a autodeclaración para o uso do comedor se desexan este servicio.

Asimesmo deberán cubrir o impreso de planificación do transporte escolar.